XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública

Edificio Administrativo San Caetano, 1-2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 545227 – Fax 981 545225

galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA
23.02.15 001341
REXISTRO DE SAÍDA

Ref: JMB/cr

Asunto: Nota Anteproxecto de Lei de Portos de Galicia

En relación co anteproxecto da Lei de Portos de Galicia, remitido pola da Secretaria Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e como queira na mesma se regulan aspectos relativos á materia de persoal, cómpre facer as seguintes OBSERVACIONS:

1) As funcións que se relacionan no artigo 124. 2 do devandito anteproxecto e que consisten en: "actuación inspectora e de policía administrativa..", terán que ser necesariamente desenvolvidas por funcionarios Públicos, de conformidade co disposto no 9.2 do Estatuto básico do empregado público e no artigo 27.2 e) do texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

2) Como consecuencia do anterior, resulta necesario modificar os apartados 1 e 2 do artigo 24 e tamén o apartado 4, no senso que as probas para a selección de persoal da Entidade Pública de Portos de Galicia, deberán axustarase aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e ao resto dos principios contidos no 55 do Estatuto básico do empregado público.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2015

O director xeral da Función Pública

XUNTA DE GALICIA · Dirección Xeral da Función Pública · CONSELLERÍA DE FACENDA

José María Barreiro Díaz

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
23 FEB. 2015
ENTRADA Nº: 1241
SAÍDA Nº:

Secretaria Xeral Técnica
Consellería do Medio Rural e do Mar

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Portos de Galicia

galicia

INFORME SOBRE AS OBSERVACIÓNS FORMULADAS EN NOTA DA DIRECION XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA (APLG).

Dentro do trámites corresponden do Anteproxecto de lei de Portos de Galicia (en adiante borrador de Anteproxecto)que se promove pola Consellería de Medio Rural e do Mar, a Dirección Xeral de Función Pública, mediante Nota de observacións, require a modificación dos apartados 1, 2 e 4 do Anteproxecto de lei de Portos de Galicia en adiante ALPG en relación ás funcións de policía administrativa indicadas no artigo 124.2 do dito Anteproxecto, no sentido de as probas de selección de persoal da Entidade Pública Portos de Galicia deberán axustarse aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e ao resto dos principios contidos no artigo 55 do Estatuto básico do Empregado Publico.

Sen prexuízo do establecido na Disposición transitoria segunda do Estatuto básico do empregado público, e en atención ás devanditas observacións o artigo do borrador de ALPG relativo ao réximen de persoal da Entidade Pública Portos de Galicia, se modifica acollendo ditas observacións no seu apartado 5, e queda redactado como sigue:

Artigo 24. *Réxime do persoal.*

1. O persoal da entidade pública empresarial estará integrado por persoal funcionario e laboral e persoal de alta dirección.
2. Todo o persoal da entidade estará sometido ao réximen de incompatibilidades establecidos para o persoal e empregados do sector público.
3. O persoal laboral quedará vinculado á entidade en réxime de dereito laboral sen prexuízo dos preceptos da lexislación sobre función pública que sexan directamente aplicables ao persoal laboral ao servizo das administracións públicas, aplicándoselle o convenio laboral da Entidade Pública, sen prexuízo do previsto na lexislación estatal e autonómica reguladora do sector público.
4. A aprobación e modificación tanto do cadro de persoal como da proposta de relación de postos de traballo será acordada polo Consello Reitor, logo de informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública. A contratación e o nomeamento do persoal corresponde ao Presidente da entidade.
5. O ingreso do persoal na entidade pública empresarial empresarial deberá realizarse mediante a convocatoria pública das correspondentes probas selectivas, que se axustarán aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e ao resto dos principios contidos no artigo 55 do Estatuto básico do Empregado Publico, desenvolvendose os procesos de selección e provisión de postos conforme ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
6. A contratacion de persoal de alta direccion da entidade axustaráse ao establecido no artigo 60 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O xefe da S.X.- Asesoría Xurídica, asesor xurídico,

Manuel Bantis Chedas

Santiago de Compostela, 09 de marzo de 2015.

CONFORME,

O DIRECTOR,

-José Ignacio Villar García-

XUNTA DE GALICIA
Portos de Galicia
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
DIRECTOR